

CONSTRUCCIÓN COMPARATIVAS

Está formada por dous termos: **un adverbio** que indica se o grao da comparación é de igualdade, superioridade ou inferioridade (**tan, máis, menos**) e as partículas **que/ca/do que** ou **coma/como** máis o elemento co que se realiza a comparación.

*É máis espabilado ca ela,
Diso sabe menos ca ti,
Estaba tan namorada coma min,*

*É máis alto ca/que un piñeiro,
Traballa máis do que din
É tan falador como/coma o seu irmán.*

Emprego de **ca** e **que**

- Ca** é obrigatorio cando o segundo elemento da comparación é un pronome persoal (min, ti, el/ela, nós, vós, eles/elas):

É máis lista ca min

É tan boa coma el

- Ca/que** úsanse indistintamente se o segundo termo da comparación é un nome ou unha frase calquera:

Gústame máis a laranxa que o/có (ca + o) pexego **Ten tantos xoguetes coma/como o seu veciño**

A partícula **ca** contrae co artigo:

	o	a	os	as
ca	có	cá	cós	cás

É máis estudioso o neno cá nena

Pedro é máis agarimoso có seu irmán

Cando **ca** vai seguido da preposición **a** non se fai contracción: **Téñolle máis respecto a el **ca** a ela.**

Cando a segunda parte da comparación é un verbo, hai que usar **do que**: **coma máis do que bebe**

Emprego de **coma** e **como**

Coma úsase nos mesmos casos ca **ca** e **Como** úsase nos mesmos casos ca **que** ou **do que**.

Coma só é nexo comparativo.

- É obrigatorio ante pronome persoal tónico oblicuo: **Fai coma min**
- Aparece nas construcións que non levan no 2º termo da comparación predicado expreso (**Fai coma o raposo**).
- É conveniente o uso de 'coma' cando o segundo termo da comparación (aínda levando predicado expreso está constituído por:
 - Unha subordinada condicional: **Fixo coma se tivese a cabeza debaixo do brazo**
 - Unha subordinada temporal : **Fixo coma cando reza**
 - Unha subordinada relativa: **Fai coma aquel que lle ía ó rabo**

Como pode ser:

- Comparativo: Úsase se no segundo termo da comparación hai un predicado expreso: **Agora non me sabe o xamón como me sabía daquela**
- Modal: Úsase sempre: **Vén como cardeal**
- Causal: Úsase sempre: **Como fixeches barullo, non puiden atender**
- Condicional: Úsase sempre: **Como perda o partido o Deportivo, baixará a segunda**

RESUMINDO...

Nos comparativos de igualdade, superioridade e inferioridade:

- Empregaremos **obrigatoriamente ca** e **coma** cando o **segundo termo da comparación é un pronome persoal**:

É tan noitébrego coma ti, facedes boa parella.

- Empregaremos **obrigatoriamente como** e **do que** cando o **segundo termo da comparación é unha oración**:

Creo que é menos interesante do que ti pensas.

- No resto dos casos empregaremos **indistintamente ca/que** e **coma/como**:

Esa película resulta máis entretida ca/que esoutra

Este libro é tan interesante como/coma ese

O encontro da **conxunción comparativa ca** co **artigo determinado** (o, a, os, as) represéntase **ca o(s), ca a(s) ou có(s), cá(s)**:

É máis ruín ca o / có demo

Betanzos é máis pequeno ca a / cá Coruña

Non debes confundir a forma **co** (**contracción da preposición con e o artigo o**)* coa forma **có** (**contracción da partícula comparativa ca e o artigo o**)**.

**Está co irmán*

***É máis novo có irmán*